

50 recetas con filloas, mellor libro sobre gastronomía galega de 2007

- **Falláronse hoxe en Lalín os galardóns da XIV edición do Premio Nacional de Xornalismo Gastronómico Álvaro Cunqueiro.**

O libro *50 recetas con filloas*, publicado o pasado mes de outubro por Alvarelos Editora na súa colección A Lume Lento, foi galardoado hoxe, en Lalín, co premio ao Mellor Libro sobre Gastronomía Galega do ano 2007, unha das categorías contempladas na XIV edición do Premio Nacional de Xornalismo Gastronómico Álvaro Cunqueiro.

O xurado, presidido polo alcalde de Lalín, Xosé Crespo, e integrado por sete recoñecidos xornalistas galegos, valorou nesta publicación a variedade e orixinalidade das súas receitas, o traballo de edición e o feito de que a autoría sexa colectiva, pois boa parte dos 31 autores pertencen á Asociación Filloas da Pedra de A Baña, promotora deste produto, un dos doces máis emblemáticos da gastronomía galega.

A obra *50 recetas con filloas* presenta, por vez primeira no panorama editorial, un completísimo, ameno e práctico tratado culinario coa filloa como ingrediente básico. Cincuenta receitas que demostran que as filloas de Galicia establecen unha maridaxe perfecta con todo tipo de pratos: para entrantes, cociña con carnes, peixes, e, por suposto, para un variado e suxestivo repertorio de postres.

Partindo da xenuína elaboración das filloas á pedra que se mantén viva desde hai séculos no concello coruñés de A Baña, *50 recetas con filloas* recolle as mellores elaboracións presentadas nos diferentes certames gastronómicos organizados pola Asociación "Filloas da pedra" d'A Baña, onde participan, coas súas saborosas propostas, 31 restauradores e particulares.

Algúns dos pratos que se presentan neste volume son: Canelóns de filloa con recheo de espinaca, Lasagna de filloas sobre pementos do piquillo confitados, rechea de foie, champiñóns e mexillóns con salsa de vodka; Filloas recheas de zamburiñas con salsa roquefort, Laconburguer, Filloas recheas de marmelada de moras con queixo do Cebreiro



COLECCIÓN “A LUME LENTO”

Este volume forma parte da colección “A lume lento” que esta editorial botou a andar o ano pasado co libro premiado con dous Gourmand, *45 recetas con ortigas*. Trátase dunha colección moi coidada, editada a toda cor e con fotografías de todas e cada unha das receitas. O libro *50 recetas con filloas* inclúe un limiar a cargo do Técnico Superior de Restauración e especialista en gastronomía galega, Xavier Barreiro Luces; nel repasa as orixes da filloa e detense especialmente na tradición das filloas á pedra da Baña “un arte tradicional representativo (y autóctono) de Galicia”, afirma. O libro péchase cun práctico glosario sobre a filloa.

FICHA TÉCNICA

Ficha técnica

• Título: 50 RECETAS CON FILLOAS
• Subtítulo: El dulce más emblemático de la gastronomía gallega
• Nº páxinas: 122
• Lingua: castelán
• PVP: 16 €
• Medidas: 18x18 cms
• ISBN: 978-84-89323-17-9
• Colección: A lume lento
• Encadernación: tapa branda con lapelas, plastificada

